



Ilmo. Concello
De
Ribadavia

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 7 DE ABRIL DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de abril de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 31 de Marzo do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Comunicación do xuzgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense en relación co recurso abreviado nº 96/08-C planteado por D. Jose Lopez Vazquez polo cal se pon en coñecemento do Concello o seguinte:

1.- Citación a fin de comparecer o día 7 de Maio do 2008 as 10:00 h. ante o xuzgado de contencioso administrativo nº 2 de Ourense sendo preceptiva a asistencia do Letrado .

2.- Obrigación de remitir o expediente ao que fai referencia o recurso contencioso administrativo ao xuzgado (completo, foliado e debidamente autenticado acompañándose dun índice nos documentos que conteña no prazo de 15 días).

3.- Obrigación de verificar se consta a notificación ao interesado do IBI dos anos 92 e 93, ademais da notificación do IVTM do 95 e dos anos 2004 a 2006.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“O abeiro da Orde do 28 de febreiro de 2008 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Acollerse á Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais.

2º.- Presta a aprobación a memoria valorada das obras que se van a realizar.

3º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 5 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, que teñen por obxecto a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada e a adquisición de equipamentos deportivos. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, presta aprobación o programa de adquisición previsto e acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

XIMNASIO PAZOS S.A., subministración de produtos para piscina municipal, por importe de 3.538,70 euros.

PIROTECNICA LA GALLEGA, subministración de fogos para festas do Portal 2007, por importe de 8.700 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2008.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2008, por importe de 39.979,19 euros, tarifa de depuración por importe de 7.704,43 euros, máis 3.345,75 euros de IVE, resultando un total de 51.029,37 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2008, por importe de 16.523,32 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 12.550,98 euros.-

PREMIOS PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO.-

“Vista a Resolución da Agrupación de Desenvolvemento Terras do Avia da valoración dos premios “Avia Crea Futuro” a creación de iniciativas empresariais e os informes técnicos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aboar as cantidades concedidas as entidades que de seguido relacionanse:

-Empresa: O Seixo S.C.. Contia do premio: 3.600 euros. Categoría: Proxecto Empresarial.

-Empresa: Beldero. Promotor: Alfredo Manuel Belsol Morgade. Contia do premio: 3.600 euros. Categoría: Proxecto Empresarial.

- Empresa: Axouxere. Promotor: Rodríguez Arias Laura. Contia do premio: 3.600 euros. Categoría: Proxecto Empresarial.

- Empresa: Sánchez Moreno Francisco Javier. Contia do premio: 3.600 euros. Categoría: Proxecto Empresarial.

- Empresa: O Seixo S.C. Contia do premio: 1.000 euros. Categoría: Proxecto Empresarial Transnacional..

SEGUNDO.- Non conceder o premio a Empresa Estudio Arte S.L.. por non dispor da preceptiva licenzia municipal.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, o cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO